



## Marilar Aleixandre



Marilar Aleixandre (Madrid, 1947), reside en Galicia dende 1973, onde adoptou o galego como a súa lingua literaria e se converteu nunha das escritoras galegas actuais con obra máis consolidada e recoñecida. É profesora da Universidade de Santiago de Compostela, onde ensina Didáctica das Ciencias e Educación Ambiental, dende 1988.

O primeiro relato que escribiu, un conto sobre vampiros, foi o xermolo de “Agardando polos morcegos”. Logo viñeron *A formiga coxa*, a súa primeira novela de literatura infantil, e *A expedición do Pacífico* (Premio da Crítica de Galicia 1995).

Ademais de destacar como autora de literatura infantil-xuvenil tamén escribiu para adultos. Foi finalista do Premio Xerais de Novela en 1992 con *Tránsito dos Gramáticos*. En 1996 publicou o libro de relatos *Lobos nas illas*, sobre as difíciles relacións familiares, en 1998 a novela *A Compañía Clandestina de Contrapublicidade* (Premio Álvaro Cunqueiro dese mesmo ano), e no 2001 *Teoría do Caos* (Premio Xerais 2001), unha novela ambiciosa e fragmentaria sobre como é posible traizoarse a un mesmo. Boa parte da súa obra narrativa está traducida ó castelán, portugués, catalán e vasco.

Traduciu do inglés para o galego o poemario *Muller ceiba* (1996) de Sandra Cisneros, *A caza do Carbairán*, de Lewis Carroll (incluída na Lista de Honra do IBBY en 1997) e *Harry Potter e a pedra filosofal*, o primeiro volume da serie Harry Potter, no 2001, sendo ademais a responsable dos guiños dos 14 capítulos da serie de banda deseñada *Os escachapedras*, con ilustracións de Fran Bueno.

Como poeta participou en varias publicacións colectivas e nas actividades do Batallón Literario da Costa da Morte. En 1998 gañou o Premio Esquíu co poemario *Catálogo de velenos*. En 2010 foi nomeada Socia de honra da Asociación de Escritores en Lingua Galega. Ten así mesmo colaboracións en diversas revistas sobre cultura e literatura: *CLIJ*, *Festa da Palabra Silenciada*, *Dorna* e *El Signo del Gorrión*. Así mesmo é autora de obras sobre o ensino das Ciencias.


Foi elixida académica de número da Real Academia Gaega no pleno do 9 de xullo de 2016.

**GRUPO B**



## Hifas no corazón

Por Xavier Queipo



Marilar Alexandre non precisa presentación. Nas notas biográficas non é infrecuente sinalar o seu nacemento fóra de Galicia e considerala unha escritora alófona, termo contra o que ela reaxe senón con virulencia, si con desagrado. E ten motivos para eses desagrado, pois as hifas da lingua galega teñen acadado o seu corazón de nereida rebelde e, daquela, lingua e corazón viven desde hai anos en perfecta simbiose, de xeito que non se pode entender unha sen a outra.

No libro que me ocupa, *O coitelo en novembro*, unha novela articulada en relatos ou un mando de relatos que se len cunha certa continuidade, Marilar fai un encaixe coas pezas narrativas, non tanto como unha boneca rusa (unha narración no interior de outra), senón máis ben como unha serie de vasos comunicantes, un sistema circulatorio coas súas veas, arterias e capilares nos que circula un galego vizoso e vivo, inzado do que ela denomina con precisión “verbas descarreiradas”. Verbas que tiveron unha vida propia e que andan un pouco perdidas, por ausencia de uso,

nomeadamente no medio literario, e ás que ela reconduce polo camiño certo.

Eu xa tivera a sorte de ler algúns destes textos, espallados pola xenerosa contribución de Marilar Alexandre a moitas obras colectivas cando así é requirida, como “*Stafilococcus aureus*”, “*Convoco ás avésporas*” ou “*Eu era a fame*” e daquela o meu interese estaba en comprobar como ela ía engarzar todas aquelas historias nun texto de continuidade.

Dende o inicio, onde nos presenta en “*A morte na arca*” unha narración que poderíamos cualificar de tradición anxelfoliana, até o remate con “*Deseño*”, relato que eu entendo de tensión e suspense, van pasando un total de corenta e un relatos onde Marilar ofrece toda unha serie de estilos e temáticas. Entre eles sete fragmentos baixo o epígrafe “*Alf Laila Wa-Laila*” que falan dos avatares das diferentes versións de “*As mil e unha noites*”, entendida como o libro de contos máis completo e ao tempo máis enigmático na súa autoría da literatura universal.

Destacaría, pola proximidade e a simpatía que en min fai acordar, unha especie de fondo ideolóxico que configura unha ética de esquerdas ou que, cando menos, semella herdeira directa do materialismo dialéctico. Hai nese sentido algúns fragmentos narrativos particularmente “touchantes” como “*Na pel da troita*”, “*Eu era a fame*” ou “*A fera no Metro*”, que presentan unha tensión emocional excepcional, tres situacións onde a fame (esa fera terríbel que asolou o noso pequeno país en varias xeiras da nosa historia común) ten unha presenza especial. A fame e a dignidade. A miseria e a defensa da prole como fíos condutores.

Pasan tamén personaxes históricos como Karl Marx e Charles Darwin nun pub do Soho londiniense que dá lugar a “*Karl e Charles no Red Lion*”, ou como o Xeneral Franco, ditador masacrado no quirófano polos seus propios partisanos nesa narración que dá título ao libro, “*O coitelo en novembro*”.



## Tertulias Literarias

O meu gusto particular polo “final twist”, ese xiro final, ás veces coa subtilidade dunha frase, esta garantido en varios contos, como por exemplo en “Desaforados muños”, onde logo de que alguén conte a morte dun home diante da súa nai, que escoita abraiada o relato, esta o corrixe nas últimas liñas dicindo; “hai unha cousa na que está enganado” (...) “Os ollos. Non os ten verdes, son negros”.

Hai espazo tamén para a prosa experimental ou se se quere unha serie de xogos de palabras como en “Listas”, “Os nomes dos que pasaron o río Negro” ou mesmo nese relato realmente impactante que é “Xoana de Arco remite formulario de apostasía”. Aquí actúa, como aquel pintor dun dos seus contos incluídos neste libro -“O ollo do dragón”- que atou a man dereita ao lombo é só pintaba coa man esquerda, pois unicamente se interesaba por novos desafíos.

Neste país de Penélopes –viúvas de vivos, mulleres de mariños que tardan meses en regresar ao porto de refuxio- Marilar actúa tamén en certo sentido como unha Penélope libérrima cando vai ennobelando relatos cos materiais escoitados nunha serie de narracións para dar o mellor de sí, como no texto “A redeira”, onde unha Penélope autónoma enguedella, coa rede tecida na soidade do seu cuarto, ao seu Odiseo para partir logo co can Argos, xa libre de esperar polo rei de Ítaca.



Un libro escrito coa consciencia de que se está construíndo un texto único, un mundo paralelo a xeito de macrotexto que contén as querenzas e a esencia de Marilar, esas hifas que do humus da terra e da lingua fan agromar este circo de bruxas de fantásticos cogomelos. Quedo na esperanza de que Marilar continúe o seu traballo cotián (que dalgún xeito imaxino cotinocturno) de engadir cada noite unha puntada ao seu bordado secreto.

### Recensión no Suplemento “Culturas” de La Voz de Galicia

Por Ramón Nicolás

Recoñecer que Marilar Aleixandre é unha das nosas narradoras máis esixentes poida que estea de máis, pero son dos que pensa que é de xustiza afirmalo. A constancia do seu talento espéllase con claridade neste *O coitelo en novembro*, un libro que se pode ver como un monllo de relatos mais, ao tempo, tamén como unha novela, sendo talvez o de menos o que se refira á súa adscrición xenérica.

O volume, non é difícil conxecturalo, semella que naceu cunha intención que compilase relatos curtos de diferente extensión, mesmo hai polas súas páxinas algún microrrelato disperso que así parece confirmalo. Con todo, a autora ideou unha estrutura na que todo se interrelaciona e que, deste xeito, deixa a posibilidade aberta de poder considerarse como un discurso integral, compacto e sempre aberto, cun eixo que representa a presenza de sete fragmentos narrativos nos que unha estudante se achega a uns textos atopados, en principio anónimos, e que tamén se reproducen aquí, o que permite achegarse a un motivo moi recorrente neste libro como é o concepto de autoría, de outredade ou mesmo de rebelión textual cando os propios textos se volven en contra do que imaxinou quen os xestou, nun asunto moi suxestivo que vai máis alá do literario.

**GRUPO B**



Por outro lado, o libro pódese contemplar como un exercicio que plasma, diafanamente, unha multiplicidade de recursos narrativos, puntos de vista, perspectivas e orientacións realmente pouco común se queremos atopalos nun único libro. Alén diso, ese conxunto de recursos autorais vese tamén conxugado por outra multitude de asuntos recreados nos que salienta unha ollada comprensiva, cando cumpre, que enxerga a condición humana, as súas contradicións e os seus abismos, espellados naqueles textos máis abeirados á intriga ou o misterio, pasando polos que se achegan ao peso da historia e da memoria -a través quer de personaxes como Darwin, Marx, Xoana de Arco ou Franco quer dun tempo concreto como o da posguerra-, ata chegar aos ecos de propostas máis vangardistas ou as voces que pairan nos clásicos como As mil e unha noites, As metaformoses ou o Quixote.

Quen se achegue a este volume seralle difícil antologar algún pois os máis deles, sobre todo aqueles de maior extensión, confirman a potencialidade como narradora que Marilar Aleixandre atesoura trezando realidade e ficción de tal xeito que fai gañar a complicidade do lector aínda nos casos máis extremos. Algo que me parece especialmente salientable nalgúns dos relatos máis extensos onde a autora amosa unha tensión realmente inesquecible, como o titulado “A Fera no Metro”, onde se transmite a necesidade física de se alimentar dun xeito tan vívido e transparente que semella contaxiarse.

Un rexistro lingüístico, vizoso e riquísimo como poucos, que mesmo ten o mérito de reconstituír voces patrimoniais –“palabras descarreiradas” chámaas a autora-, condúcenos por un libro de altura máis que notable.



## Obras de Marilar Aleixandre nas Bibliotecas de Oleiros

Fontes:

[Caderno da crítica](#)

[Xavier Queipo \(páxina web\)](#)

[Galipedia](#)

Para saber máis:

[Ampla entrevista en Pro-texta, supl. literario de Tempos Novos \(pdf\)](#) (RECOMENDADO)

[Páxina persoal de Marilar Aleixandre](#)

[Artigos de Marilar Aleixandre no xornal dixital Praza Pública](#)

[Arquivo documental das Tertulias Literarias \(dende 2010\)](#)

Biblioteca Central Rialeda  
Avenida Rosalía de Castro 227 A  
15172 – Perillo (Oleiros)  
Tfno.: 981 639 511  
Fax: 981 639 996  
Email: [biblioteca.rialeda@oleiros.org](mailto:biblioteca.rialeda@oleiros.org)  
Blog: <http://bibliotecasoleiros.blogspot.com/>